Concello de AMES

C.I.F.: P-1500200-I

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: XERACIÓN DE CRÉDITO 3/18

EXPEDIENTE: 2018/G003/000392

ANTECEDENTES:

A presidencia da Deputación Provincial de A Coruña, mediante resolución número 40643/2017 do 18/12/2017, declarou cumprida a condición da existencia de remanentes xerados pola maior achega provincial aprobada mediante distintos expedientes de modificación de créditos, polo que considerou definitivamente aprobada a primeira fase do POS Adicional 1/2017 na que se incluíron as solicitudes presentadas polos concello para o Plan Complementario. As obras que lle corresponden ao concello de Ames son as seguintes:

Concello	Código	Denominación	Achega Deputación	Achega concello	Orzamento proxecto
Ames	POS+ Adicional 1/2017 1ª fase	Novo pavimento pavillón deportivo Milladoiro	74.864,54 euros	0,00 euros	74.864,54 euros
Ames	POS+ Adicional 1/2017 1ª fase	Camiño Principal Sandar Agrón	67.098,44 euros	0,00 euros	67.098,44 euros

Este proxecto non ten aínda reflexo aínda no orzamento, polo que resulta preciso dar trámite a unha xeración de crédito co seguinte detalle:

Consta informe favorable da intervención municipal á tramitación da correspondente xeración de crédito

Por tanto, e á vista do establecido nos artigos 182 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 43 e seguintes do RD 500/90, de 20 de abril, e visto o informe de Intervención, así como a Base de Execución do Orzamento nº 14, **RESOLVO:**

Primeiro e único.- Aprobar o expediente de modificación de crédito "XERACIÓN DE CRÉDITO 5/18" do orzamento municipal para o exercicio 2017 en situación de prórroga para 2018, de acordo co seguinte detalle:

XERACIÓN DE CRÉDITO Nº 5/18

Aplicación gastos	Importe	Aplicación ingresos	
454.61900	67.098,44 euros	76112	141.962,98 euros
933.63200	74.864,54 euros		
Total	141.962,98 euros	**Total**	141.962,98 euros

O alcalde

José M. Miñones Conde

FIRMADO POR José Manuel Miñones Conde (FECHA: 26/02/2018 00:00:00)
Decreto Nº: 375/2018 - Fecha de decreto: 26/02/2018
Versión imprimible
CVD: MnUdamMU86tmGzSaoFcR
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

INTERVENCION	
ASUNTO:	INFORME
EXPEDIENTE:	**2018/G003/000392**
ASUNTO	Xeración de 5/2018
Informe	**48/2018**

Nota previa: o presente informe abordará unicamente a legalidade da modificación que constitúe o obxecto deste expediente, sen entrar a valorar por tanto a concreta actuación de gasto a amparar co crédito que agora se habilita. Tal actuación deberá ser fiscalizada de xeito independente, de acordo co previsto nos artigos 213 e seguintes do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

1.-MARCO NORMATIVO.

As principais normas de aplicación ao asunto informado figuran recollidas nas seguintes disposicións:

Normativa estatal:

- LEI 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- REAL DECRETO LEXISLATIVO 2/2004, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- REAL DECRETO 500/90, de 20 de abril, que desenrola o TRLRFL en materia orzamentaria.
- ORDE EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

Normativa aprobada polo Concello de Ames:

- BASES de Execución do Orzamento.

2.- ANTECEDENTES DE FEITO.

Remítese memoria da concelleira de facenda na que se fai constar que a presidencia da Deputación, mediante resolución número 40643/2017 do 18/12/2017, declarou cumprida a condición da existencia de remanentes xerados pola maior achega provincial aprobada mediante distintos expedientes de modificación de créditos, polo que considerou definitivamente aprobada a primeira fase do POS Adicional 1/2017 na que se incluíron as solicitudes presentadas polos concello para o Plan Complementario. As obras que lle corresponden ao concello de Ames son as seguintes:

Concello	Código	Denominación	Achega Deputación	Achega concello	Orzamento proxecto
Ames	POS+ Adicional 1/2017 1ª fase	Novo pavimento pavillón deportivo Milladoiro	74.864,54 euros	0,00 euros	74.864,54 euros
Ames	POS+ Adicional 1/2017 1ª fase	Camiño Principal Sandar Agrón	67.098,44 euros	0,00 euros	67.098,44 euros

FIRMADO POR Margarita Fernández Sobrino (FECHA: 26/02/2018 00:00:00)
Versión imprimible
CVD: GNAweCNj9+LLf+xm0aYO
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Este proxecto non ten aínda reflexo aínda no orzamento, polo que resulta preciso dar trámite a unha xeración de crédito co seguinte detalle:

Polo que se propón aprobar expediente de modificación de crédito "XERACIÓN DE CRÉDITO 5/18" do orzamento municipal para o exercicio 2017 en situación de prórroga para 2018, de acordo co seguinte detalle:

XERACIÓN DE CRÉDITO Nº 5/18

Aplicación gastos	Importe	Aplicación ingresos	
454.61900	67.098,44 euros	76112	141.962,98 euros
933.63200	74.864,54 euros		
Total	141.962,98 euros	Total	141.962,98 euros

Á vista do anterior, dáse traslado da presente á Intervención Municipal, co fin de que se dea oportuno trámite ao correspondente expediente de modificación de créditos, incorporando ao mesmo os informes que resulten esixibles.

O presente informe emítese conforme ao disposto na Base de Execución do Orzamento nº 14, e nel non se aborda a legalidade dos gastos amparados por esta modificación orzamentaria, que deberán ser obxecto de fiscalización independente, no seu caso.

No momento de ser recibido por este servizo, no expediente figuraba a seguinte documentación:

1. Memoria da Concellaría de Economía e Facenda.
2. Documentación acreditativa da efectiva dispoñibilidade dos recursos afectados.

3.-ANTECEDENTES DE DEREITO

3.1 <u>Das modificacións de crédito durante a vixencia da prórroga orzamentaria</u>.

De acordo co previsto no artigo 21.5 do RD 500/90, en tanto non se aprobe o orzamento definitivo, o prorrogado poderá ser obxecto de calquera das modificacións previstas pola Lei.

3.2 <u>Da modificación de crédito a efectuar</u>.

De acordo co artigo 181 do TRLRFL, poderán xerar crédito nos estados de gastos dos orzamentos, na forma que regulamentariamente se estableza, os ingresos de natureza non tributaria derivados das seguintes operacións:

a. Achegas ou compromisos firmes de achega de persoas físicas ou xurídicas para financiar, xuntamente coa Entidade local ou con algún dos seus Organismos Autónomos, gastos que pola súa natureza estean comprendidos nos fins ou obxectivos dos mesmos.
b. Alleamentos de bens da Entidade local ou dos seus Organismos Autónomos.
c. Prestación de servizos.
d. Reembolsos de préstamos.
e. Reintegros de pagos indebidos con cargo ó orzamento corrente, en cuanto á reposición do crédito na correspondente contía.

O Artigo 44 do RD 500/90 engade ao anterior que para proceder á xeración de crédito será requisito indispensable:

a) Nos supostos establecidos nos apartados a) e b) do artigo anterior, o recoñecemento do dereito o a existencia formal do compromiso firme de achega

FIRMADO POR Margarita Fernández Sobrino (FECHA: 26/02/2018 00:00:00)
Versión imprimible
CVD: GNAweCNj9+LLf+xm0aYO
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

b) Nos supostos establecidos nos apartados c) y d), o recoñecemento do dereito; se ben a dispoñibilidade de ditos créditos estará condicionada á efectiva recadación dos dereitos.
c) No suposto de reintegros de orzamento corrente, a efectividade do cobro do reintegro.

En relación ao anterior, o artigo 45 da mesma norma prevé que o compromiso firme de ingreso a que se refiren os artigos anteriores é o acto polo que calquera entes ou persoas, publicas ou privadas, se obrigan, mediante un acordo ou concerto coa entidade local, a financiar total ou parcialmente un gasto determinado de forma pura ou condicionada.

A Base de execución do orzamento nº 14 establece o seguinte en relación ás xeracións de crédito:

"Poderán xerar crédito nos estados de gastos do orzamento xeral deste Concello os ingresos de natureza non tributaria derivados das seguintes operacións:

a) Achegas ou compromisos firmes de achega de persoas físicas ou xurídicas para financiar, xuntamente co Concello, gastos que pola súa natureza estean comprendidos nos fins ou obxectivos dos mesmos.
b) Alleamentos de bens do Concello.

En ámbolos dous supostos será requisito indispensable para que se xere o crédito, que se dea o acto formal de compromiso firme de achega ou recoñecemento do dereito, extremos que deberán ser acreditados pola Intervención.

a) Prestación de Servizos.
b) Reembolsos de préstamos.

Nos dous supostos anteriores, o crédito xerarase no momento do recoñecemento do dereito, se ben a dispoñibilidade dos devanditos créditos estará condicionada á efectiva recadación dos dereitos, extremos que deberán ser acreditados pola Intervención.

Os expedientes de xeración de créditos tramitaranse pola Alcaldía, correspondendo a este órgano a súa aprobación, previo informe da Intervención no que se deixe constancia de:

a) A correlación entre o ingreso e o crédito xerado.
b) Os conceptos de ingresos onde se producira un ingreso ou compromiso non previsto no Orzamento inicial, ou que exceda da súa previsión inicial, e a súa contía.

As aplicacións orzamentarias do Estado de gastos e o crédito xerado como consecuencia dos ingresos afectados".

- <u>Cumprimento dos anteriores aspectos de legalidade no presente expediente</u>.

Aspectos fiscalizados	**Observacións**
Dispoñibilidade do ingreso que fundamenta a xeración de crédito.	Figura no expediente copia da resolución da Deputación provincial polo que se aproba o Plan Complementario POS+ 1/2017 O expediente CUMPRE este aspecto obxecto de comprobación.
Correlación entre o ingreso e o	Da documentación que figura no expediente

FIRMADO POR Margarita Fernández Sobrino (FECHA: 26/02/2018 00:00:00)
Versión imprimible
CVD: GNAweCNj9+LLf+xm0aYO
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

crédito xerado.	derívase a existencia dunha relación directa entre os ingresos comprometidos e os gastos a financiar cos mesmos. O expediente CUMPRE este aspecto obxecto de comprobación.
Que as aplicacións incrementadas con esta modificación sexan as axeitadas, en atención ás características das necesidades que se pretenden atender ca mesma.	O expediente CUMPRE este aspecto obxecto de verificación
Que a proposta de aprobación do expediente se formule ao órgano competente.	A competencia para a aprobación desta modificación corresponde á Alcaldía. A Memoria que dá inicio ao expediente dirixe a proposta a dito órgano. O expediente CUMPRE este aspecto obxecto de verificación.

3.3 Efectos da presente modificación sobre o cumprimento dos principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

A presente modificación non afecta ao saldo non financeiro do orzamento, non se financia cunha maior apelación ao endebedamento, nin representa un incremento do gasto computable do orzamento (ao se financiar cunha achega finalista), polo que non debe comprometer o cumprimento das regras fiscais indicadas.

Non obstante, as implicacións sobre a estabilidade orzamentaria derivadas da presente modificación serán abordadas no vindeiro informe trimestral de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade, da regra de gasto e do límite de débeda ao que se refire o artigo 16 da Orden EHA 2105/2012.

4.-CONCLUSIÓNS.

En base ao exposto, cabe concluír o seguinte:

Primeira.- O expediente cumpre todos os aspectos obxecto de fiscalización previa abordados neste informe.

Segunda.- En consecuencia, emítese informe favorable a súa aprobación.

A interventora

Margarita Fernández Sobrino

FIRMADO POR Margarita Fernández Sobrino (FECHA: 26/02/2018 00:00:00)
Versión imprimible
CVD: GNAweCNj9+LLf+xm0aYO
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de AMES

MEMORIA DA CONCELLEIRA DE ECONOMÍA E FACENDA
Expediente: Xeración de crédito nº 5/18

A presidencia da Deputación Provincial de A Coruña, mediante resolución número 40643/2017 do 18/12/2017, declarou cumprida a condición da existencia de remanentes xerados pola maior achega provincial aprobada mediante distintos expedientes de modificación de créditos, polo que considerou definitivamente aprobada a primeira fase do POS Adicional 1/2017 na que se incluíron as solicitudes presentadas polos concello para o Plan Complementario. As obras que lle corresponden ao concello de Ames son as seguintes:

Concello	Código	Denominación	Achega Deputación	Achega concello	Orzamento proxecto
Ames	POS+ Adicional 1/2017 1ª fase	Novo pavimento pavillón deportivo Milladoiro	74.864,54 euros	0,00 euros	74.864,54 euros
Ames	POS+ Adicional 1/2017 1ª fase	Camiño Principal Sandar Agrón	67.098,44 euros	0,00 euros	67.098,44 euros

Este proxecto non ten aínda reflexo aínda no orzamento, polo que resulta preciso dar trámite a unha xeración de crédito co seguinte detalle:

XERACIÓN DE CRÉDITO Nº 5/18

Aplicación gastos	Importe	Aplicación ingresos	
454.61900	67.098,44 euros	76112	141.962,98 euros
93363200	74.864,54 euros		
Total	141.962,98 euros	**Total**	141.962,98 euros

Á vista do anterior, dáse traslado da presente á Intervención Municipal, co fin de que se dea oportuno trámite ao correspondente expediente de modificación de créditos, incorporando ao mesmo os informes que resulten esixibles.

Ames, 26 de febreiro de 2018
A concelleira de facenda

Genma Otero Uhía

Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)
concellodeames@concellodeames.org
www.concellodeames.org
Telf: 981 883 002
Fax: 981 883 925